



PENEDOS DE MÓRDOMO, TRABA E PASARELA

Club de Montaña O Carroucho

14 de Novembro de 2015

Rodeando todo o Val de Traba álzanse os escarpados e rochosos “Montes ou Penedos de Traba”, formados por catro cumes ou penedos: “Pena dos Mouros”, “Pena Forcada ou Gallada”, “O Castelo” e “Torre da Moa”, estreitamente relacionados polas caprichosas formas das súas rochas que gardan misteriosos segredos do pasado. É realmente un destes cumes, a Torre da Moa, con 241 metros de altitude, a máis importante destes penedos debido ao emprazamento neste lugar dunha importante ara de sacrificios. Moi probablemente, e debido ás súas características, podería-



se afirmar que se trataría dunha das tres históricas “Aras Sextianas”, mencionadas nos primeiros testemuños históricos escritos sobre o noroeste hispánico e mandadas construír polo xeneral romano Sextius cara ao ano 19 antes de Cristo como monumento dedicado ao emperador Augusto.

Na Torre da Moa, formada por enormes bloques soltos de rochas graníticas de diversas e caprichosas formas zoomórficas, aínda se poden apreciar restos destes altares, algúns con pilas de sacrificios en forma elíptica asimétrica e outros de forma máis circular, mellor traballados e menos profundos. Probablemente neste lugar sacrificaban os romanos animais e mesmo prisioneiros humanos.

Tamén se cre que, debido ás súas características, outros dous penedos, a “Pena dos Mouros” e a “Pena Forcada” foron usadas no pasado como lugares de sa-

Datos Básicos

Comezo: Praia de Traba

Remate: Pasarela

Distancia lineal: 14 km.

Duración aprox.: 5 horas

Dificultade: Media-Alta

Altura máxima: 246 m

Altura mínima: 0 m


Acumul.: \uparrow 493 m / \downarrow 373 m



crificios polos celtas. Na “Pena Gallada”, por exemplo, podemos contemplar nun dos seus inmensos bloques de pedra o gravado dunha gran cruz de brazos equiláteros signo, talvez, dunha probable cristianización na Idade Media ao non poder ser destruído o monumento relixioso-pagán.

De todas formas, os Penedos de Traba chaman moito a atención polas diversas formas de animais e humanas que representan gran parte das súas inmensas rochas, ás que o seu difícil e complicado acceso danlle máis verosimilitude á crenza xeral de que estes lugares foron empregados na Idade Antiga para o sacrificio de animais e mesmo persoas por Celtas e Romanos (Aras Sextianas). Así mesmo, desde estes penedos pódense contemplar unhas impresionantes vistas que abarcarían desde Arou e Camelle, todo o Concello de Laxe e Corme.

A parroquia de Santiago de Traba esconde, preto da aldea de Mórdomo, un dos seus maiores tesouros, unha pequena e estreita lagoa rica en fauna e vexetación, accesible a través de diferentes estradas que parten da estrada principal que vai desde Laxe a Camariñas. Esta lagoa está relacionada coa lenda da cidade de Valverde, afundiada polo Apóstolo Santiago por desatender os ensinamentos deste. Esta lenda é moi común en moitas outras lagoas de Galicia.



Próxima cita:
12 Decembro
Ruta e xantar nos Oscos



O Carroucho
www.carroucho.org